



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: SESIÓN 2023/9 DO PLENO EXTRAORDINARIO DO CONCELLO DE ABEGONDO DO XOVES DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2023
EXPEDIENTE: 2023/G010/000009

ACTA Nº 2023/9 SESIÓN Extraordinaria DO PLENO - CASA CONSISTORIAL, xoves 14 de setembro de 2023 -

No día de hoxe, ás 13:33 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Silvia Taboada Carro

Jairo Bello Vidal

Ana María García Mayo

José Cañas Otero

Blandino García Roel

Escusan a súa ausencia:

Jesús García Núñez

Secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora en réxime de acumulación

Cristina Ciudad Buitrago Rúa

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés secretario en Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

Antes de tratar os asuntos da orde do día Blandino García Roel pide desculpas por publicar a convocatoria cun enlace á documentación, que asume a responsabilidade e o alcalde lle contesta que el non mira as redes sociais e o secretario que ao final limitouse o acceso ao enlace e así xa se solucionou.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

algunha observación á acta de data 27.07.2023 que estaba pendente de aprobar.

Os concelleiros amosan que na última acta non se recolleu a literalidade do que dixeron ao que o secretario lles resposta que as actas son un resumo sucinto e que probablemente se están referindo ás actas da comisión informativa nas que os debates non son obrigatorias.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan a aprobación da acta todos os membros presentes.

PROPOSTAS ORDINARIAS

2.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO

Dáse conta da proposta que foi aprobada favorablemente por a Comisión Informativa de Urbanismo do Xoves día 7.09.2023:

ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO

EXPEDIENTE: 2023/U031/000002-2023/G006/000200

ANTECEDENTES

Os antecedentes mais relevantes son os seguintes:

PRIMEIRO. Consta providencia de alcaldía para o inicio dos trámites para a aprobación do PXOM do Concello de Abegondo. O Concello evacuou a consulta previa á aprobación do PXOM o 13.01.2020. O que foi publicado na sede.

SEGUNDO. O 24.01.2020 o arquitecto municipal emitiu informe do borrador do Plan inicial estratéxico onde se facía constar que a documentación achegada en relación a tramitación ante órgano ambiental era suficiente e que se axustaba ao esixido no artigo 144 do regulamento da Lei do Solo de Galicia. O 14.01.2020 o secretario emite informe sobre o procedemento co CVD: xZraHfEqHEhSPnPof//2.

TERCEIRO. Logo da tramitación oportuna, o Pleno Extraordinario en sesión celebrada o 02.07.2021 acordou a APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO. Permaneceu exposto ao público:

Boletín Oficial Provincia (BOP)	Data: 05/08/2021	Número: 147
Diario Oficial de Galicia (DOGA)	Data: 05/08/2021	Número: 149
LA VOZ DE GALICIA	Data: 05/08/2021	
EI IDEAL GALLEGO	Data: 05/08/2021	
LA OPINIÓN A CORUÑA	Data: 05/08/2021	
Prazo exposición ao público	Desde	Ata
Dous meses	06.08.2021	05.10.2021

CUARTO. Consta o certificado de secretaría das alegacións presentadas co CVD: IrY39jE4xtqru5S58IGi.

QUINTO. Logo da recepción de todos os informes sectoriais oportunos, con data 13.10.2022 remitiuse a CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático a proposta final do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Abegondo, así como o expediente de Avaliación Ambiental Estratéxico completo, para que se emita a Declaración Ambiental estratéxica necesaria para proceder a APROBACIÓN PROVISIONAL.

SEXTO. Con data de 22/11/2022 rexistro nº 202290000001147 tivo entrada a resolución pola que se formula a declaración ambiental estratéxica do PXOM de Abegondo. Con data de 29/11/2022 o equipo redactor rexistra con nº



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

202299900001214 enlace á documentación para a aprobación provisional do PXOM.

SÉTIMO. O arquitecto municipal con data 30/11/2022 emite o seu informe técnico para a aprobación provisional CVD: jdADoWotjgo5TEQ96l6H. Emítase informe de intervención con data 30/11/2022 para a aprobación provisional do PXOM CVD: oKbzTFFi7b/NdHX35N1c. Emítase informe-proposta de secretaría con data 30/11/2022 para a aprobación provisional do PXOM (CVD: +75/tE4aswVABhDNy4Q).

OITAVO. O Pleno Extraordinario en sesión celebrada o día 07/12/2022 acordou a APROBACIÓN PROVISIONALMENTE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO.

NOVENO. Con data 23/12/2022 remitiuse con rexistro de saída n.º 202290000000372 á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Abegondo, así coma a tramitación necesaria para a súa aprobación DEFINITIVA. Con data de 20/01/2023 remitiuse con rexistro de saída n.º 202390000000023 a documentación relacionada coas alegacións.

DÉCIMO. Con data 17/04/03 con rexistro de saída n.º 202390000000102 logo de detectar erros técnicos para os cales era necesaria a súa corrección solicítase a suspensión do prazo para a súa aprobación definitiva

DÉCIMO PRIMEIRO. O arquitecto municipal con data 31/08/2023 emite o seu informe técnico para a aprobación provisional CVD:E0Cf0BYOSxyB7Ruu7GsC.Emítase informe de intervención con data 01/09/2023 para a aprobación provisional do PXOM CVD:jbO/wH9pnVmHzBwvs9jV. Emítase informe-proposta de secretaría con data 01/09/2023 para a aprobación provisional do PXOM con código CVD: z4GojG8eIzP2Tcpty8iD .

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 45 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
 - Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro.
 - A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.
 - O Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro.
 - Os artigos 22.2.c) e 47.2.ii) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Sen carácter exhaustivo, entre outras, é aplicable a Lexislación sectorial correspondente.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Os Plans Xerais de Ordenación Municipal, como instrumentos urbanísticos de ordenación integral, abarcarán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o solo para o establecemento do Réxime Xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

SEGUNDA. O Plan Xeral de Ordenación Municipal deberá establecer as determinacións establecidas nos artigos 52 a 57 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, dependendo do tipo do solo ao que faga referencia.

TERCEIRA. O procedemento a seguir é o indicado no informe de procedemento de secretaría co CVD:

CUARTA. A modo de motivación do acordo, cómpre destacar o informado polo arquitecto municipal no seu informe técnico para a aprobación provisional do día 31.08.2023 con código CVD: E0Cf0BYOSxyB7Ruu7GsC
CONCLUSIÓN:

En relación ca documentación para aprobación provisional de Plan Xeral de Ordenación Municipal, examinada a documentación que lle acompaña, emito o seguinte informe técnico:

PRIMEIRO. Comprobase que a tramitación se axusta ao procedemento establecido no artigo 144 do decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

SEGUNDO. Comprobase, no relativo a esta fase de tramitación, a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

TERCEIRO. Comprobase que no plan se teñen en conta as determinacións da declaración ambiental estratéxica.

CUARTO. Conforme a documentación o proxecto adáptase ás características e á complexidade urbanística do Termo municipal e garante a coordinación dos elementos fundamentais dos sistemas xerais.

Así mesmo, o Plan xustifica que garante a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de repartición, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da Comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición.

Concluídos os traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 60.13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2. II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **PROPOÑO, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO. Dar contestación ás alegacións de acordo co indicado na documentación do expediente e polos motivos expresados no informe os Servizos Técnicos do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

SEGUNDO. Aprobar novamente de xeito provisional este documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e dos informes emitidos deixando sen efecto o anterior documento aprobado provisionalmente.

TERCEIRO. Una vez dilixenciado, elevar o expediente de Plan Xeral de Ordenación Municipal á Consellería competente en materia de Urbanismo co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

Antes de comezar o debate, o alcalde presidente ao ver como o concelleiro do BNG grava co seu móbil a sesión solicita que non se lle grave ao que este lle responde que ten dereito e que o consultou co secretario. O alcalde solicita ao secretario que faga un informe sobre esta cuestión e que de momento non se lle grave a cara, permitindo a gravación deste xeito.

O alcalde presidente fai unha explicación do asunto a aprobar indicando que van ser o primeiro concello adaptado plenamente ás normas técnicas de planeamento e que nos comunicaron que debiamos cambiar o documento para elo. A aprobación provisional aprobada anteriormente ía ter que ser subsanada e o secretario e o técnico municipal facer un informe en relación a ese asunto así que é moito mais limpo facer o que se realizou, solicitar a suspensión do procedemento para corrixir eses defectos e traelo novamente ao pleno par aa súa aprobación definitiva de novo.

O arquitecto municipal recalca tamén o tema das normas técnicas ao que Jairo Bello Vidal lle pregunta que, sabendo que as normas técnicas son anteriores á aprobación provisional do plan, por qué se enviou así á Xunta, xa que son de 2015 e 2022, ao que o arquitecto lle indica que detectouse o erro despois.

O alcalde indica que espera que a Xunta retome o prazo de dez días e que en outubro se poida aprobar definitivamente pola Xunta.

Ábrese o debate:

Blandino García Roel fai lectura dun texto que lle traslada un veciño en relación cunha alegación en Pozo da



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Chousa..., como este tema vaise contestar nas alegacións, xa se contestará.:

[Bos días, son veciña dunha parte de Figueiroa chamada Pozo da Chousa, as casas que están xusto detrás da capela de Santo Amaro. Fai tempo que interpuxemos unha queixa polo PXOM no que desta volta, e sen explicación ningunha, pasóusenos a denominación de rústico, deixándonos aillados do resto das casas do arredor que seguen sendo chan urbano. Non recibimos resposta ningunha, gustaríame saber se poderías preguntar por nós o motivo de excluírnos desta maneira a 8 casas, 5 son vivenda habitual e 6 presentamos o recurso no que expoñíamos o noso rechazo xa que estamos en igualdade de condicións que o resto da veciñanza deixándonos aillados do resto das casas do arredor que seguen sendo chan urbano. Non recibimos resposta ningunha, gustaríame saber se poderías preguntar por nós o motivo de excluírnos desta maneira a 8 casas, 5 son vivenda habitual e 6 presentamos o recurso no que expoñíamos o noso rechazo xa que estamos en igualdade de condicións que o resto da veciñanza da zona. Aproveito para agradecer o voso traballo desde que estades no Concello. Un saúdo e grazas.]

Alcalde presidente: supoño que será porque non tiñan licenza no seu momento-

Blandino García Roel: "Após dun pausado e rumiado estudo do proxecto de PXOM que ten pensado sacar adiante o Partido Popular de Abegondo, o BNG debe realizar unha serie de reflexións e achegas que son as que van determinar o noso voto.

En primeiro lugar debemos recoñecer que o actual PXOM é un avance a respecto daquel do 2012, que anularía o Tribunal Supremo, xa que a edificabilidade que se propoñía distaba moito da realidade vexetativa que presentaba e presenta o Concello. A distorsión entre poboación e edificación era evidente.

Parecía, o de 2012, un PXOM máis pensado con afán especulativo e recaudatorio que centrado na realidade social, poboacional, cultural, económica, de mobilidade, etc que precisaba a veciñanza.

Este PXOM, o de 2023 que enceta a súa andaina en 2018 axusta moito máis a realidade poboacional coa realidade vexetativa presionado, como xa dixemos, pola tan traída e levada sentenza do Supremo e polas correccións que a propia Xunta (segundo os informes) ten feito.

Tamén reduce os núcleos urbanos a dous centros principais como son San Marco e Mabegondo, porén no anterior Plan Xeral de Ordenación Municipal os núcleos que se consideraban urbanos eran máis buscando deste xeito colmatar a poboación e transitar a un modelo rur-urbano que nós cremos artificial e pouco acaído para o noso Concello.

Saudamos con bos ollos que o Goberno do Partido Popular entendese que o modelo de Abegondo é disperso, de vivenda unifamiliar, de pequenos núcleos máis ou menos colmatados distribuídos na súa maior parte ao longo das principais vías de comunicación do municipio.

Tendo presente o dito até o de agora o BNG podería concordar con parte da nova visión que nos traslada o documento mais xorden algúns puntos que fan que se nos acendan as alarmas. Xa que se atendemos ao cálculo que se fixo para ver a necesidade de vivendas dos tres posibles optouse polo máis optimista desbotando outros dous que nos achegan datos negativos, tamén observamos que a respecto do núcleo de Mabegondo a visión máis optimista prevé un estancamento poboacional e ademais en varios informes dos que se presentan na documentación fálase de que Mabegondo ten unha clara estrutura urbanística rural-tradicional. Por isto todo dubidamos da necesidade de ter dous núcleos urbanos alén do propio San Marco que si vemos claro como centro urbano.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Tamén nos frea bastante ver como a zona sur do Concello queda baleira de contido neste PXOM:

- Non presenta novas dependencias municipais xeradoras de sinerxias que eviten a despoboación.
- Non hai un plan de mobilidade desta zona que evite un éxodo a zonas máis urbanas. Mobilidade que si aparece reflectida para a zona norte.
- Non se prevén actuacións nesta zona no patrimonio cultural ou ambiental que axuden á súa dinamización e así un longo etc.

En segundo lugar temos problemas con encaixe do Polígono eco-agrario na ubicación actual xa que como a propia Xunta indica nalgúns dos informes, non se concretiza o uso real dese solo industrial, aquel famoso Plan Director que en 2021 o BNG pedía nas súas alegacións, achamos en falta un informa polo miúdo do tratamento dos residuos, do tratamento de augas, de que modelo de xeración de enerxía se vai usar, como se vai cerrar a cadea trófica desde o momento de produción, ao momento de procesado, envasado, distribución, etc.

Tampouco sabemos como se vai tratar a masa forestal que alí hai sobre todo as frondosas lindeiras co CIAM e que un informe dos que se achega no PXOM manda conservar.

Mantemos tamén unha forte oposición á ampliación da Cidade Deportiva que presenta o PXOM.

Esquecendo xa motivos como a situación actual do Deportivo, o feito de que é unha entidade privada con claros intereses especulativos a maior accionista do clube, e que os anos teñen demostrado que esta cidade non supuxo un acicate para o desenvolvemento da zona, máis ao contrato unha verdadeira dor de cabeza para a veciñanza máis cercana, como eles e elas mesma nos din.

Consideramos que é contraproducente presionar urbanisticamente unha zona que é Rede Natura, que ten preto elementos patrimoniais, que carece aparcadoiros suficientes, e que está situada na fin dun cauce de auga importante como é o Barcés.

Estas dúas construcións anteriores van xerar un serio problema de tráfico na zona xa que o cálculo que se fixo salva a situación pola mínima, e tendo presente un Plan de Mobilidade que ten en conta a creación de novas liñas de transporte:

- Unha circular
- Unha que vai ás praias
- Unha A Coruña-Santiago que sairía na autovía por Mabegondo e continuaría pola comarcal 542

O problema é que o Plan de Mobilidade de Galicia está deseñado a 10 anos vista é competencia da Xunta e en Abegondo nos últimos tempos elimináronse liñas, paradas, hai problemas con horarios e frecuencias e temos dúbidas de que todo isto se resolva nun curto prazo de tempo xa que hai 4 anos que o BNG vén pelexando con este tema nos diferentes institucións.

Tamén se fala dun parque de bicicletas eléctricas pero un informe de Xunta pide máis claridade a este respecto, análise de desenvolvemento, prazos... Textualmente di: "debería de quedar clara la propuesta del Plan". Fálase, tamén, da falta de prazas para as bicis.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Tendo presente o tráfico que poden xerar estas dúas novas construcións:

- O acceso á autovía
- Que a zona sur do concello depende case para todo do coche particulares
- Do propio tráfico das estradas de Mabegondo
- Da creación de posibles dependencias municipais relacionadas co ámbito social e de coidados
- Da ubicación da sede da reserva da Biosfera
- De que Mabegondo é zona escolar
- Da ubicación do Salón-Teatro
- Da existencia de construcións funerarias

Pensamos que o tránsito vai estar bastante tensionado.

Un PXOM é quizais o documento de referencia dentro dun concello a nivel territorial. É o documento ao que primeiro acoden outras entidades e estudosos para entender o modelo territorial, cultural, patrimonial e social da xente que habita este concello.

É unha importante base de datos que se non se recolle correctamente vai xerar no futuro unha cadea de erros que terá difícil corrección.

Por desgraza, e quizais debido ás présas de sacar adiante un Plan de Ordenación, este PXOM está inzado de erros que desde a nosa perspectiva van xerar problemas futuros:

- Os límites parroquiais non coinciden con varios mapas das parroquias que ofrece a propia Xunta, tampouco coinciden cos que ofrece o Instituto Xeográfico Nacional. Isto xera varios paradoxos como poñer San Bartolomeu en Folgoso ou A Malata ou Castro Maior tamén nesta mesma parroquia cando noutras cartografías máis reais o primeiro sería de Montouto e os segundos de Vizoño.
- Ou cousas como que Folgoso limita co Concello de Carral e coa comarcal 542 cando despois o propio Concello sinaliza o limita por detrás da Capela de San Roque como Vizoño atendendo ao actual PXOM isto sería Folgoso.
- Ou cando se abre a ficha de Catálogo da casa con pedra armeira de Cos esta aparece situada en Limiñón cando no Libro de Heráldica de Abegondo editado polo Concello aparece en Cos e a propia sinalización do Concello ubícaa en Cos.
- Tampouco se poden dar datos falsos como que o Concello ten toda el distribución de auga municipal para noutra parte do PXOM afirmar que isto non é así que non se abastece de auga municipal a maior parte de Folgoso, Vizoño, núcleos de Abegondo, Mabegondo, Cerneda, Presedo, Vilacoba e parte de Montouto.
- Tamén atopamos erros nos núcleos de poboación xa que nunca Xeixade ou Figueroa pequeno foron de Montouto como aparece nos mapas do PXOM. Tampouco O Souto de Viós é de Montouto como aparece nos mesmos mapas.
- Non aparece no catálogo a Casa da Torre de Montouto cando o artigo 83 da Lei de Patrimonio di “ son BIC escudos elaborados antes de 1901” o da Torre de Montouto é do século XVI.
- Non hai reservas forestais protexidas.
- Non se teñen presentes as árbores senlleiras como recolle o Decreto 67/2007 do 22 de marzo.
- Non se recollen San Bartolomeu como núcleo rural tradicional cando xa aparece en documentos do século XII.
- As fichas do Catálogo presentan elementos ubicados en parroquias que non son, algunhas fichas aparecen por triplicado.
- As mámoas de San Bartolomeu aparecen recollidas en Santa Mariña de Beira que é do Concello de Carral.
- Non se recollen no Catálogo de Patrimonio os diferentes muíños do concello.
- Elementos patrimoniais de Xeixade ubícanse para Montouto como “ a Casa Leghuevoiro”.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

E así un longo etc de erros que non entendemos como desde o Concello non foron detectados antes xa que se supón que o Concello é quen ten o maior coñecemento sobre o territorio que xestiona.

Todo isto cremos que ten que ser corrixido antes de que lle xeremos á veciñanza problemas que non tiñan. Por todo o dito até aquí e por algunhas cousas máis que por cuestión de tempo non podemos tratar o BNG vaise ABSTER.

Alcalde presidente: Se hai algún erro pódese corrixir, o pxom do 2012, oxalá os fixera o equipo de goberno pero hai persoas estudadas especialista en planes e el ogo as distintas administracións fan os informes sectoriais. Durante anos non medramos porque non tiñamos documento e dende que temos ordenación provisional estamos medrando constantemente, non podiamos medrar xa que non había planeamento.

Falan de solo industrial, en Abegondo non hai polígono industrial é eco agrario, e se o dí o documento está mal dito. Con respecto ao tratamento da auga, como os mais punteiros de Galicia

Blandino García Roel: Eu falei do documento, que fala da traída.

Alcalde presidente: en relación coa cidade deportiva, non debemos de mesturar situacións particulares, coñécese Abegondo en toda España pola cidade Deportiva e consideramos que é moi beneficioso.

En canto ao transporte, ogallá puidésemos mellorar este tema aínda que temos un sistema de taxis para a veciñanza envidiable.

En último termo, agradecerlle a abstención e se hai algún erro, pódese corrixir en calquera momento.

Jairo Bello Vidal: Dende o Psoe consideramos que é necesario o instrumento de ordenación. En vinte anos de xestión púidose facer antes, aínda que sabemos que houbo unha anulación, pero hai unha empresa que o elabora que cobra unha cantidade importante e un concelleiro cunha dedicación para elo...gustaríamos que as apelacións se contestasen antes da aprobación definitiva.

Estamos a favor da aprobación pero gustaríamos que esas catro afirmacións se teñan en conta, a queixa de se puido aprobar antes e se contesten as alegacións.

Alcalde presidente: Non foi por non intentalo e hai concellos que tardan 20 ou 25 anos, sobre o prezo que cobra a empresa non vou dicir moito. As alegacións non se contestaban por un problema entre as discrepancias existentes entre a aprobación definitiva e a provisional, que poden non concordar pero nós propoñemos contestalas.

Agradecer o voto favorable e repetir que se algo hai errado pódese corrixir e incluso o pxom é un documento vivo e se pode modificar puntualmente e aquí nos terán para elo.

Non habendo máis intervencións a continuación procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Votos a favor: 11 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Laura C. Calvo Quintela, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Silvia Taboada Carro, Jairo Bello Vidal, Ana María García Mayo e José Cañas Otero)
Abstencións: 1 (Blandino García Roel)
votos en contra: 0

Ás 14:14 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.